

Proxecto Lector

Período 2018/19 – 2021/22

CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA - VALADARES VIGO

CONTEXTO

Este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CEIP Plurilingüe Sobreira-Valadares de Vigo, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Este proxecto lector integra todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas. Coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

A situación do alumnado no tocante a hábitos de lectura e comprensión lectora é moi variada.

Analizada así a situación, acordamos deseñar un documento consensuado e realista, que integre todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas na procura de inculcar o hábito de lectura diaria e a adquisición das competencias básicas, especialmente:

- *Comunicación lingüística.*
- *Competencia dixital.*
- *Competencia para aprender a aprender.*
- *Conciencia y expresiones culturales.*

OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR

Obxectivos referidos ao alumnado

- . Fomentar lectores competentes e con hábito lector.
- . Fomentar o gusto polos libros e a lectura.
- . Fomentar a comprensión lectora, expresión escrita e a competencia lingüística.
- . Potenciar a capacidade de elección, selección e uso da información.
- . Coñecer distintos tipos de textos e obras literarias.
- . Empregar distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

Obxectivos referidos ao profesorado

- . Coñecer o programa Meiga de xestión da biblioteca do centro.
- . Aproveitar as posibilidades que nos ofrecen as TICs.
- . Promover as bibliotecas de aula como instrumento de aprendizaxe.
- . Establecer o horario de lectura diaria na escola e os docentes responsables da xestión deses tempos.

Obxectivos referidos ao Centro.

- . Ampliar fondos bibliográficos. A biblioteca escolar é o centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- . Cumplir horarios e quendas (titores/as).
- . Abrir a biblioteca para préstamos e consulta polas tardes (profesor/-a de garda).
- . Solicitar a continuidade no PLAMBE e solicitar a inclusión nos programas de “bibliotecas creativas” e de “radio na biblioteca”.

FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN. ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.

Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

- *Lectura dun texto común.*
- *Uso da biblioteca escolar para lectura individual de ocio con posta en común co fin de fomentar a propia expresividade e gusto pola lectura.*
- *Organización de obradoiros de lectura para outras aulas. En forma de teatro ou contacontos.*
- Creación de novos espazos de lectura informal – no patio interior do edificio- e completar o “espazo maker” no “Rincón Fedello”.

Dende a Biblioteca de Centro:

- Préstamo de lotes de libros, de xeito mensual ou trimestral, para as bibliotecas de aula e para o “Book Truck do 2º andar” (moble no corredor coas novidades para lectores avanzados a disposición na sesión de lectura).
- Uso da biblioteca de Centro segundo a folia de quendas para cada curso: unha sesión semanal a cargo do/a titor/a.
- Selección de lotes de libros e material didáctico, según nivel, para as mochilas viaxeiras que os alumnos/as levan a casa para “ler en familia”.
- Apertura da biblioteca nos recreos para préstamos e consultas, baixo a vixilancia dun profesor de garda.
- Mantemento do proceso de xestión da biblioteca de Centro a través do programa Meiga.
- Programación de actividades “maker” que organizaremos, con carácter voluntario, para o alumnado de Educación Primaria, no espazo: “Rincón Fedello”, no corredor fronte a biblioteca durante os recreos.
- Conmemoración das datas significativas e de obrigado cumprimento: Día da Biblioteca Escolar, Novembro mes da Ciencia en Galego, Día da Paz, Día de Rosalía, 8 de Marzo, Día da Poesía, Semana da Prensa, Día do Libro, Día das Letras Galegas e Día do Medio Ambiente. Organizaranse actividades coordinadas cos outros equipos docentes e faranse propostas ás titorías.
- Proposta de redaccións temáticas e exposicións. Convocaranse unha nova edición dos concursos que manteñen a súa periodicidade como: Relatos de Nadal, Contos con Sentimento, Verso Perdido. Faremos proposta de novos concursos en primeira edición.
- Visita dunha autora ou autor infantil.
- Visita dunha ilustradora ou ilustrador.

Dende os Ciclos/Aulas:

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Educación infantil

- En educación infantil, todos os días a mestra le ou conta un conto, ben sexa da clase ou aportado polo alumnado. Ás veces o libro do día trae información sobre o tema que estamos a estudar nese momento.
- Todos os días despois da merenda temos un tempinho de lectura libre na aula, podemos compartir o libro cun ou varios compañeiros e debemos aprender a devolvelos ao seu estante ou caixón.
- Cada quince días escollemos un conto da clase para facer un debuxo sobre os protagonistas.
- Proxecto “O meu cartafol”: recompilamos en fichas individuais, ao longo de todo o curso, frases feitas, ditos e refráns, explicando o seu significado e utilizándoas – por oral – no contexto axeitado. Cada neno/a ten o seu propio cartafol.

1º e 2º EP:

Traballárase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

- Lectura individual e silenciosa: media hora diaria ao terminar as tarefas.
- Lectura colectiva diaria dos títulos do itinerario lector. En galego e castelán.
- Biblioteca de Aula. Onde os/as rapaces/as escollen os libros para a lectura individual e con servizo de préstamo.
- “Recuncho do Investigador”: minibiblioteca onde recompilamos libros de consulta e información sobre contidos académicos. Os libros temáticos cóllense na biblioteca de centro e tamén os traen os nenos/as da casa.
- Tamén recompilamos páxinas web relativas ao tema, no contexto das “Normas do Investigador”: recompilamos información: libros, adultos, internet,..., seleccionamos a información: o que nos interesa e nos é útil, expoñemos a información nun traballo ou nun mural e explicamos o aprendido aos demais: “Facemos de mestre”
- Proxecto “Somos...poetas/xornalistas/escritores”: Producción e exposición de textos poéticos, xornalísticos, literarios,...coincidindo coas datas sinaladas: Día da Poesía, Semana da Prensa, Día do Libro, Día das Letras Galegas,...
- Ditado diario con autocorrección e repetición sistemática das palabras falladas.
- Redación semanal referente aos contidos explicados nas Áreas de Ciencias.
- Proxecto “O meu cartafol”: recompilamos en fichas individuais, ao longo de todo o curso, frases feitas, ditos e refráns, explicando o seu significado e utilizándoas – por escrito – no contexto axeitado. Cada neno/a ten o seu propio cartafol.

3º e 4º EP:

A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado.

1. Biblioteca de Aula:

- Colleremos lotes de libros da biblioteca do Centro cada trimestre para préstamo individual.
- Con cada lectura os alumnos/as farán unha ficha do libro cos datos básicos: título, autor, editorial, resumo, opinión e debuxo.

- O/a titor/a fará un rexistro de todas as lecturas que fagan os alumnos nunha follas de rexistro específicas.
 - Pediremos aos alumnos/as, de xeito voluntario, que traian libros de casa para depósito durante todo o curso.
 - Todos os libros levarán unha tarxeta dentro para reflectir quen leu o libro.
2. Lectura colectiva: Libros de lectura dos títulos do itinerario lector.
3. Lectura individual: Ao rematar as tarefas os nenos/as van ao rincón para facer lectura individual e silenciosa.

5º e 6º EP:

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

- 1.- Adicaremos uns minutos diarios á lectura individual e/ou colectiva en cada unha das áreas do ciclo.
 - 2.- Ao remate das tarefas específicas do día adicarase un tempo variable á lectura lúdica de libros, cómics, revistas,...
 - 3.- Traballaremos especificamente a lectura eficaz do alumnado mediante textos e actividades variadas que realizarán durante a fin de semana e serán supervisadas polas titoras na aula.
 - 4.- Fomentaremos a lectura a través da biblioteca de aula empregando fondos:
 - aportados polos nenos.
 - aportados pola Biblioteca do Centro durante todo o curso.
- Procuraremos que lean, polo menos, un libro ao mes e cubrirán unha ficha de control.
- 5.- Coa finalidade de converterse en usuarios eficaces da Biblioteca do Centro escolleremos un día da semana para adicarlle a dita tarefa, realizando actividades de:
 - Localización dos diferentes tipos de libros.
 - Búsqueda de información concreta.
 - Lectura individual e silenciosa.
 - Traballos en grupos.
 - 6.- Participaremos nas actividades que propoñan os distintos equipos de dinamización durante todo o curso.
 - 7.- O alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria poderá participar no Voluntariado-A. Tanto como axudantes nas tarefas da biblioteca, como para ser lectores “Contacontos por un día” dentro e fóra do cole.

Dende outros Equipos Docentes:

EDLG:

- Letras Galegas
- Fomento do uso do galego

Actividades Complementarias e Extraescolares

- Organízanse as saídas procurando que todos os niveis opten, polo menos, a unha obra de teatro por curso.

- Tamén se solicitan saídas á Biblioteca Central

Dinamización Convivencia

- Dereitos dos nenos e nenas
- Día da inclusión
- Día da Muller

AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Atinxirá aos seguintes aspectos:

- Capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de se enfrontar a textos cada vez máis complexos.
- Actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos para cada actividade.
- Grao de implicación do profesorado.
- Grao de implicación, satisfacción e aproveitamento da actividade por parte do alumnado.
- Valoración da labor dinamizadora e coordinadora do Equipo de Biblioteca.

As avaliacións das diferentes actividades valoraranse na memoria do equipo de biblioteca, así como os axustes precisos de cara ao plan anual de lectura do seguinte curso e mellor aproveitamento das actividades.

INTERVENCIÓNS FUTURAS:

Unha vez consolidada a sesión de lectura diaria e posta en marcha da biblioteca será necesario continuar as reunións do claustro para tomar decisións consensuadas que permitan:

- Practicar estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.
- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.